



CONVENIO DE COLABORACIÓN PARA O ANO 2024, ENTRE A CONSELLERÍA DE POLÍTICA SOCIAL E IGUALDADE E ALDEAS INFANTILES SOS GALICIA PARA A EXECUCIÓN DO "PROGRAMA DE APOIO AO ACOLLEMENTO EN FAMILIA EXTENSA".

Santiago de Compostela, *(na data da sinatura dixital)*

REUNIDOS

Dunha banda, dona Fabiola García Martínez, conselleira de Política Social e Igualdade, actuando en nome e representación da Consellería de Política Social e Igualdade, no uso das facultades que lle veñen atribuídas no artigo 34 da Lei 1/1983, do 22 de febreiro, de normas reguladoras da Xunta e da súa Presidencia, o Decreto 44/2024, do 14 de abril, do seu nomeamento, o Decreto 42/2024, do 14 de abril, polo que se establece a estrutura orgánica da Xunta de Galicia, o Decreto 124/2022, do 23 de xuño, polo que se fixa a estrutura orgánica da Consellería de Política Social e Xuventude, ao amparo da disposición transitoria do Decreto 42/2024, do 14 de abril, e o acordo do Consello da Xunta de Galicia, do 27 de marzo de 1991, sobre convenios de cooperación con outros entes públicos e de colaboración con particulares, publicado no *Diario Oficial de Galicia* por Resolución de 8 de abril de 1991.

E doutra, don Víctor Manuel Muñoz Vázquez con NIF 35308641F, director territorial da Comunidade Autónoma de Galicia de Aldeas Infantiles SOS Galicia, con NIF G36639896, e domicilio social en 2ª Travesía Barrio Ribadavia 1-4º, Vigo, Pontevedra, actuando en calidade de representante legal da entidade en virtude da escritura de apoderamento outorgada ante o Notario Antonio A. Salgueiro Armada de Vigo, con número de protocolo 1230 de data 12/06/2015.

Ambas as dúas partes interveñen no nome e representación dos seus respectivos órganos e entidades no exercicio das competencias que lles están legalmente atribuídas, recoñecéndose mutua e reciprocamente capacidade para obrigarse mediante o presente convenio nos termos que nel se conteñen e, para o efecto,

EXPOÑEN

Primeiro.- As administracións públicas poden celebrar convenios de colaboración con outras entidades públicas así como con persoas xurídicas suxeitas ao dereito privado ao abeiro do disposto na Lei 9/2017, do 8 de novembro, de Contratos do Sector Público, pola que se traspoñen ao ordenamento xurídico español as Directivas do Parlamento Europeo e do Consello 2014/23/UE e 2014/24/UE, do 26 de febreiro de 2014, e máis o Acordo do Consello da Xunta do 27 de marzo de 1991, sobre convenios de cooperación con outros entes públicos e de colaboración con particulares, feito público por Resolución da Consellería de Economía e Facenda do 8 de abril de 1991.

Segundo.- A Constitución española dispón no artigo 39, entre os principios reitores da política económica e social, o apoio dos poderes públicos para asegurar a protección social, económica e xurídica da familia, sinalando, igualmente que os nenos deberán gozar da protección prevista nos acordos internacionais, entre os que deben incluírse os





dereitos recoñecidos á infancia pola Convención sobre os Dereitos do Neno, aprobada pola Asemblea Xeral das Nacións Unidas o 20 de novembro de 1989 e en vigor en España desde o 5 de xaneiro de 1991.

Terceiro.- A Comunidade Autónoma de Galicia ostenta competencias exclusivas en materia de asistencia social, de conformidade co disposto no artigo 27.23 do Estatuto de autonomía de Galicia e nos Reais Decretos de Transferencia 2411/1982, do 24 de xullo e 534/1984, do 25 de xaneiro, e en virtude de dita competencia aprobáronse a Lei 13/2008, do 3 de decembro, de servizos sociais de Galicia e a Lei 3/2011, do 30 de xuño, de apoio á familia e á convivencia de Galicia.

Cuarto.- A Consellería de Política Social e Igualdade, a través da Dirección Xeral de Familia, Infancia e Dinamización Demográfica, ten asumido entre as súas competencias, segundo o artigo 14. 1. b) do Decreto 124/2022, do 23 de xuño, polo que se establece a estrutura orgánica da Consellería de Política Social e Xuventude, a protección e a tutela das persoas menores en situación de risco ou desamparo nos termos establecidos no Código Civil, na Lei Orgánica 1/1996, do 15 de xaneiro, de protección xurídica do/da menor, de modificación parcial do Código Civil e da Lei de Axuízamento Civil e no ámbito da Comunidade Autónoma de Galicia a Lei 3/2011, do 30 de xuño, de apoio á familia e á convivencia de Galicia, o Decreto 42/2000 do 7 de xaneiro, polo que se refunde a normativa reguladora vixente en materia de familia, infancia e adolescencia, modificado polo Decreto 406/2003, do 29 de outubro, na Lei Orgánica 8/2015, de 22 de xullo de modificación do sistema de protección á infancia e adolescencia e, a Lei 26/2015, de 28 de xullo de modificación do sistema de protección á infancia e á adolescencia e na Lei Orgánica 8/2021 do 4 de xuño, de protección integral á infancia fronte á violencia.

Quinto.- Aldeas Infantiles SOS Galicia conforme ao seu estatuto en vigor, é unha entidade de natureza asociativa con personalidade xurídica propia e plena capacidade xurídica e de obrar inscrita no Rexistro de asociacións co número 2005/008612-1 declarada de utilidade pública en virtude da Orde Ministerial de 24 de novembro de 2000 de conformidade co disposto no artigo 32 da Lei orgánica 1/2002, do 22 de marzo, reguladora do dereito de asociación, con todos os dereitos establecidos no artigo 33 desta lei. Así mesmo, figura inscrita no Rexistro Único de Entidades Prestadoras de Servizos Sociais da Consellería de Política Social e Igualdade co número E-3013.

Os obxectivos da Asociación son os seguintes:

1. Atender a nenos, nenas e adolescentes que se atopen en situación de vulnerabilidade impulsando o seu desenvolvemento e autonomía mediante o acollemento en entornos familiares protectores e o fortalecemento das súas redes familiares, sociais e comunitarias.
2. Organizar e promover, previa autorización da Asociación Aldeas Infantiles SOS de España, Aldeas Infantiles SOS e outros Programas destinados a facilitar a integración familiar, social e laboral dos nenos, nenas e adolescentes que perderon o coidado parental ou están en risco de perdelo.





3. Proporcionar axuda e asesoramento ás familias dos nenos, nenas e adolescentes que atende, a fin de posibilitarlles un entorno familiar protector.
4. Exercer a función de modelo en métodos innovadores na asistencia de nenos, nenas e adolescentes, promovendo para elo, a formación, a investigación e a edición de publicacións de libros e outros materiais.
5. Potenciar a presenza do voluntariado nas actividades que Aldeas Infantiles SOS requira.
6. Financiar proxectos de Cooperación Internacional para o Desenvolvemento, a través de Aldeas Infantiles SOS de España, especialmente nas poboacións do mundo máis desfavorecidas, e cun especial interese na infancia.
7. Difundir os valores e metodoloxía que inspiran a Aldeas Infantiles SOS, sensibilizando á sociedade dos fins que se perseguen cos mesmos.
8. Promover a toma de conciencia pública en cuestións relativas ás necesidades dos nenos, nenas e adolescentes, así como defender e fomentar os dereitos destes en todo o mundo.

Sexto.- No ámbito da protección de menores da Comunidade Autónoma de Galicia, de conformidade co disposto na Lei 3/2011, do 30 de xuño, de apoio á familia e á convivencia de Galicia, establécese que o acollemento familiar tanto en familia allea como en familia extensa ten como finalidade a procura á persoa menor dun núcleo de convivencia familiar axeitado, ben sexa de xeito temporal, para a súa reinserción na súa familia de orixe ou para a súa adaptación á familia que a vaia adoptar, ou ben de forma permanente, cando a idade ou outras circunstancias do/a menor e a súa familia así o requiran.

Neste sentido, as familias acolledoras "extensas" necesitan apoios, recursos e intervencións na súa función de proporcionar seguridade, afianzar o benestar, encher as necesidades que poidan xurdir e manexar os contactos e os vínculos cos proxenitores.

Neste sentido, o programa da entidade "**Programa de apoio ao acollemento en familia extensa**", configúrase como un conxunto de accións de intervencións nos procesos de acollemento familiar de menores por membros da súa propia familia, mediante o que se facilita o adecuado desenvolvemento do/a menor acollido/a, mediante a formación, orientación, asesoramento e apoio especializado ás familias e aos propios menores favorecendo a consecución dos obxectivos marcados coa formalización do acollemento e prevendo posibles situacións futuras de risco.

Sétimo.- Aldeas Infantiles SOS Galicia conta co persoal necesario para o desenvolvemento do dito programa e conta ademáis coa estrutura necesaria para a súa correcta execución.

Por outra banda, Aldeas Infantiles SOS Galicia é a única entidade a nivel autonómico que ofrece un proxecto que promocioe e preste apoio ao acollemento en familia extensa, ademáis achega o valor engadido de contribuír ao financiamento do desenvolvemento do programa con fondos propios e/ou de subvencións recibidas por esta, o que permite a súa realización en condicións económicas máis vantaxosas.





Considérase polo tanto idónea a Aldeas Infantiles SOS Galicia para a execución e implantación do seu programa "APOIO AO ACOLLEMENTO EN FAMILIA EXTENSA" pola súa experiencia no ámbito da atención aos menores e as súas familias a través do desenvolvemento na Comunidade Autónoma de Galicia de programas que favorecen o desenvolvemento integral dos menores acollidos ao sistema de protección.

Oitavo.- Ao abeiro do artigo 2.1.c) da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, o programa a subvencionar ten por obxecto o fomento e desenvolvemento dunha actividade de interese social. O artigo 19.4.c) da mesma lei establece que, con carácter excepcional, subvencionaranse aquelas actuacións que acrediten razóns de interese social e humanitario. Neste caso o acollemento en familia extensa dos nenos, nenas e adolescentes en situación de desamparo supón un indudable interese social e humanitario.

Como xa se indicou, trátase dun recurso de apoio aos procesos de acollemento familiar de menores por membros da súa propia familia, mediante o cal se facilita o axeitado desenvolvemento do neno, nena e adolescente acollido, mediante a formación, orientación, asesoramento e apoio especializado ás familias e aos propios menores, para o cal ofreceranse outros servizos complementarios, que permiten especializar e focalizar a intervención nas necesidades dos/das menores, os seus proxenitores e a súa familia acolledora.

Este programa ten como obxectivo prioritario procurar o benestar dos/das menores en situación de risco ou desamparo a cuxo efecto considera imprescindible a súa integración en ambientes familiares normalizados.

Aldeas Infantiles SOS Galicia ten acreditado, que se atopa ao corrente do cumprimento das súas obrigas tributarias coa Administración pública da Comunidade Autónoma, coa Administración do Estado e coa Seguridade Social.

Tendo en conta o que antecede, a Consellería de Política Social e Igualdade considera idóneo o impulso a Aldeas Infantiles SOS Galicia para a execución do Programa da dita entidade de "apoio ao acollemento en familia extensa" no ano 2024.

En virtude do exposto, ambas as dúas partes outorgan e subscriben de mutuo acordo o presente convenio de colaboración que desenvolverase de acordo coas seguintes:

CLÁUSULAS

PRIMEIRA. *Obxecto*

O obxecto deste convenio é contribuír ao financiamento por parte da Consellería de Política Social e Igualdade do desenvolvemento do "Programa de Apoio ao Acollemento en Familia Extensa" da entidade Aldeas Infantiles SOS Galicia nas catro provincias da Comunidade Autónoma de Galicia para o ano 2024, a través da concesión directa dunha subvención pública.





As instalacións das que dispón Aldeas Infantiles SOS Galicia para levar a cabo este programa están emprazadas na Coruña, Vigo, Santiago de Compostela e Ourense.

A dita financiación do programa, exclúe o ánimo de lucro e non pode satisfacerse axeitadamente mediante a celebración dun contrato dos recollidos na Lei 9/2017, de 8 de novembro, de Contratos do Sector Público, pola que se traspoñen ao ordenamento xurídico español as Directivas do Parlamento Europeo e do Consello 2014/23/UE e 2014/24/UE, do 26 de febreiro de 2014, ou doutro instrumento alleo á natureza estritamente convencional.

SEGUNDA. *Persoas beneficiarias do programa*

Serán beneficiarias do programa as persoas menores acollidas en familia extensa, as familias de acollida e pais e nais das persoas menores destinatarias do programa.

TERCEIRA. *Obxectivos do programa*

Obxectivo xeral:

Facilitar a consecución dos obxectivos marcados no momento da formalización do acollemento e prever posibles situacións futuras de risco mediante a detección e a abordaxe precoz dos problemas e/ou rehabilitación de situacións non desexables para o benestar das persoas menores.

Obxectivos específicos:

- a) Proporcionar atención especializada adaptada ás necesidades das persoas acollidas, das familias de acollida e dos pais e nais das persoas menores destinatarias do programa por medio de actuacións de asesoramento e orientación en tarefas parentais e coidado de menores, intervención psicosocioeducativa e actuacións de mediación nas relacións familiares.
- b) Apoiar educativamente ás familias e ás persoas menores no desenvolvemento de habilidades dende o ámbito cognitivo, actitudinal e emocional para afrontar de forma competente o proceso de acollemento.
- c) Celebración de sesións informativas iniciais dirixidas aos membros das familias acolledoras como paso previo ao comezo de calquera acollemento.

O detalle correspondente ás actividades indicadas anteriormente reflíctense no anexo II, Programa de apoio aos acollementos.

CUARTA. *Compromisos de Aldeas Infantiles SOS Galicia*

En cumprimento do artigo 11 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, e do Decreto 11/2009, do 8 de xaneiro, polo que se aproba o Regulamento da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, son obrigas da entidade beneficiaria:





- a) Cumprir os requisitos para obter a condición de beneficiaria estipulados no artigo 10 da Lei 9/2007, do 13 de xuño.
- b) Cumprir todos e cada un dos obxectivos, actividades e proxectos, adoptar os comportamentos que fundamentaron a concesión da subvención e cumprir os compromisos asumidos con motivo desta. Noutro caso, procederá o reintegro total ou parcial, atendendo aos criterios establecidos no convenio.
- c) Xustificar ante o órgano concedente o cumprimento dos requisitos e das condicións, así como a realización da actividade e o cumprimento da finalidade que determinen a concesión ou o gozo da subvención.
- d) Someterse ás actuacións de comprobación que a Consellería de Política Social e Igualdade a través da Dirección Xeral de Familia, Infancia e Dinamización Demográfica poida requirirille para a debida xustificación da axuda concedida e do cumprimento dos fins do programa subvencionado a través deste convenio, ás de control financeiro que corresponden á Intervención Xeral da Comunidade Autónoma en relación coas subvencións e axudas concedidas e ás previstas na lexislación do Tribunal de Contas e do Consello de Contas.
- e) Así mesmo, suxeitarase ao disposto nos artigos 11.c) da Lei 9/2007, do 13 de xuño, e 14.c) da Lei 38/2003, do 17 de decembro, xeral de subvencións, ademais de comprometerse ao cumprimento do resto das obrigas do artigo 11 da citada Lei 9/2007, do 13 de xuño.
- f) Comunicarlle ao órgano concedente a obtención doutras subvencións, axudas, ingresos ou recursos para a mesma finalidade, procedentes de calquera administración ou entes públicos ou privados, nacionais, da Unión Europea ou de organismos internacionais, así como a modificación das circunstancias que fundamentasen a concesión da subvención. Esta comunicación deberá efectuarse no momento no que se coñeza e, en todo caso, con anterioridade á xustificación da aplicación dada aos fondos percibidos.
- g) Dispoñer dos libros contables, rexistros dilixenciados e demais documentos debidamente auditados nos termos esixidos pola lexislación mercantil e sectorial aplicable ao beneficiario en cada caso, así como cantos estados contables e rexistros específicos sexan esixidos polas bases reguladoras das subvencións, coa finalidade de garantir o axeitado exercicio das facultades de comprobación e control.
- h) Conservar os documentos xustificativos da aplicación dos fondos recibidos, incluídos os documentos electrónicos, en tanto poidan ser obxecto das actuacións de comprobación e control.
- i) Incluír na publicidade e en todo tipo de documentación e información relacionada coas actividades obxecto do programa e nos lugares onde estas se realicen: "Subvencionado pola Xunta de Galicia – Consellería de Política Social e Igualdade", co seu respectivo logotipo.





- j) Proceder ao reintegro dos fondos percibidos nos supostos previstos no artigo 33 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, e artigo 74 e seguintes do Decreto 11/2009, do 8 de xaneiro.
- k) Facilitar toda a información que lle sexa requirida pola Intervención Xeral da Comunidade Autónoma, o Tribunal de Contas e o Consello de Contas, no exercicio das súas funcións de fiscalización e control do destino das axudas.
- l) Subministrar á Consellería de Política Social e Igualdade a través da Dirección Xeral de Familia, Infancia e Dinamización Demográfica, toda a información necesaria para o cumprimento pola entidade das obrigas previstas na Lei 1/2016, do 18 de xaneiro, de transparencia e bo goberno, de conformidade co disposto no artigo 4 da dita lei.

QUINTA. *Compromisos da entidade asociados á realización do programa*

No desenvolvemento das accións do programa a subvencionar, a entidade deberá:

- a) Designar os/as profesionais que levarán a cabo o programa nas distintas provincias da Comunidade Autónoma, ao que poderán vincular o persoal voluntario que estimen conveniente, así como designar entre o dito persoal un/unha coordinador/a ou responsable do programa.
- b) Executar o programa cuxa metodoloxía e procedemento de intervención se describe polo miúdo no Anexo II.
- c) Dispoñer dos locais nos que se desenvolverán as actividades.
- d) Desenvolver o programa tendo en conta a lexislación vixente en materia de protección de menores e a primacía do superior interese da persoa menor sobre calquera outro.

SEXTA. *Persoal para o desenvolvemento do programa*

Concretamente, para o desenvolvemento do programa Aldeas Infantiles SOS Galicia contará con catro equipos interdisciplinares de profesionais das áreas psicosocioeducativas, que proporcionarán atención especializada ás necesidades das persoas acollidas, ás familias acolledoras e ás persoas proxenitoras por medio de actuacións de asesoramento e orientación, intervención psicosocioeducativa e actuacións de mediación nas relacións familiares, distribuídos do seguinte xeito:

- a) Equipos A Coruña e Vigo: Cada equipo componse de tres profesionais das áreas psicosocioeducativas (psicólogo/a, traballador/a social, pedagogo/a e/ou educador/a social).
- b) Equipos Santiago e Ourense: Cada equipo componse de dous profesionais das áreas psicosocioeducativas (psicólogo/a, traballador/a social, pedagogo/a e/ou educador/a social).

O programa conta ademais, cunha persoa que coordina o programa a nivel autonómico.





A través dos catro equipos de A Coruña, Santiago de Compostela, Vigo e Ourense, atenderase a un número de 130 casos en toda a Comunidade Autónoma de Galicia.

Os equipos cos que conta Aldeas Infantiles SOS Galicia para a posta en marcha deste programa en ningún caso poderán actuar baixo a dependencia da Consellería de Política Social e Igualdade, debendo ser a citada entidade a que imparta as oportunas ordes aos/ás seus/súas traballadores/as e a que ostente respecto destes/as o correspondente poder de dirección, conservando os dereitos, obrigas, riscos e responsabilidades inherentes a súa condición de empregador/a.

Así, a sinatura do presente convenio non implicará relación laboral ou de calquera outra natureza entre as persoas que o desenvolvan e a Consellería de Política Social e Igualdade, polo que non se lle poderá esixir a esta responsabilidade ningunha por estes conceptos, nin directa nin subsidiaria.

SÉTIMA. Financiamento do programa

1. O custo total do programa é de 492.909,48 €, dos que a Consellería de Política Social e Igualdade contribuirá con 173.353,44 €, con cargo á aplicación orzamentaria 11.02.312B.481.0, na que existe crédito axeitado e suficiente.

A subvención límitase á financiación dos gastos que aparecen desagregados no Anexo I e en ningún caso supón beneficio económico para a entidade conveniente.

Non obstante, poderanse admitir variacións no importe de cada unha das partidas sinaladas, sempre que a cantidade total achegada pola Xunta de Galicia non varíe.

Así mesmo, Aldeas Infantiles SOS Galicia comprométese a achegar a cantidade de 319.556,04 € procedentes de fondos propios da entidade e/ou de subvencións recibidas por esta.

2. O pagamento realizarase, en aplicación do artigo 62 do Decreto 11/2009, do 8 de xaneiro, do seguinte xeito:

a) Poderanse realizar pagamentos parciais a conta, ata un máximo de 138.682,75 € (80% da cantidade subvencionada), a medida que se xustifique a realización das actividades descritas neste convenio.

A este respecto, esta entidade queda exonerada de constituír as garantías a que fan referencia os artigos 62.3 e 67 do Decreto 11/2009, do 8 de xaneiro, por tratarse dunha entidade das características determinadas no artigo 65.4 f) do dito Decreto.

b) Os 34.670,69 € (20% da cantidade subvencionada) restantes pagaranse unha vez xustificada a realización da totalidade da actividade subvencionada.

3. Os gastos das actividades do programa que poidan ser subvencionables, deben xustificarse de conformidade ao previsto no Decreto 11/2009, do 8 de xaneiro. A tal efecto debe presentarse:





a) Unha memoria de actuación xustificativa do cumprimento das condicións impostas na concesión da subvención, coa indicación das actividades realizadas e dos resultados obtidos e que debe incluír os seguintes apartados:

1º. Xustificación do gasto.

2º. Actividades realizadas.

3º. Recursos económicos, materiais e de persoal empregados.

4º. Valoración global.

5º. Accións de innovación e investigación.

b) Unha memoria económica xustificativa do custo das actividades realizadas, que conterá:

1º. Unha relación clasificada dos gastos da actividade, coa identificación da persoa acreedora e do documento, o importe, a data de emisión e, no seu caso, data do pago. No caso de que a subvención se outorgue consonte a un orzamento, indicaranse as desviacións producidas.

2º. As facturas ou documentos de valor probatorio equivalente no tráfico xurídico-mercantil ou con eficacia administrativa incorporados na relación á que se fai referencia no apartado anterior a documentación acreditativa do pago.

3º. Os documentos acreditativos dos gastos realizados con medios ou recursos propios e a indicación, no seu caso, dos criterios de reparto dos custos xerais e/ou indirectos incorporados na relación a que se fai referencia no ordinal 1º.

4º. Os tres orzamentos que, en aplicación do art. 29.3º da Lei 9/2007, do 13 de xuño, deba solicitar a entidade beneficiaria cando o importe do gasto subvencionable supere as contías nel determinadas.

c) En canto aos custos salariais, Aldeas Infantiles SOS Galicia deberá presentar, referida á mensualidade ou mensuralidades polas que se solicita, a seguinte documentación:

1º. Relación nominal das persoas traballadoras que se inclúen como xustificación do programa subvencionado.

2º. Recibos de salarios.

3º. Recibo de Liquidación de Cotizacións (RLC) e Relación Nominal de Traballadores (RNT) correspondentes ao meses imputados.

4º. Impresos de liquidación nominal do IRPF (modelos 111 e 190).

Todos os documentos anteriores deberán ir acompañados polo xustificante da transferencia ou cargo bancario correspondente que acredite a realización do seu pago.

A cantidade a imputar á actividade subvencionada será do 100% do gasto do persoal técnico, cando este dedica o total da xornada a desempeñar tarefas das actuacións subvencionadas; no caso de dedicación inferior á xornada contratada, o gasto imputado será proporcional a súa dedicación ás actuacións subvencionadas. A tal efecto se non se atopase diferenciado na nómina e nesta se inclúen outros conceptos retributivos,





xuntarase un cálculo xustificativo da imputación efectuada segundo o criterio de horas da actuación realizada en relación co total de horas traballadas.

A subvención cubre os gastos salariais e de Seguridade Social, polo que as liquidacións, complementos extra salariais ou indemnización de fin de contrato non se poden imputar.

Tampouco serán subvencionables, as vacacións pagadas, pero non desfrutadas, nin as horas extras ou traballos realizados fóra da xornada habitual de traballo.

Nas baixas por IT e maternidade:

- No caso de substitución da persoa traballadora titular subvencionaranse os custos que ocasiona a persoa traballadora que substitúe á titular.

- No caso de que non se substitúa á persoa traballadora titular, o importe non usado deberá reintegrarse na súa totalidade (excepto a liquidación das pagas extras cando o convenio colectivo de aplicación recolla para este suposto a obrigatoriedade do seu pagamento).

d) En canto á xustificación do cumprimento de estar ao corrente das súas obrigas tributarias e fronte á Seguridade Social, a Consellería de Política Social e Igualdade a través da Dirección Xeral de Familia, Infancia e Dinamización Demográfica poderá consultar a través dos medios electrónicos dispoñibles os datos incluídos nos documentos que a continuación se indican elaborados polas administracións públicas agás oposición expresa de Aldeas Infantiles SOS Galicia, en cuxo caso deberá aportar a documentación acreditativa do cumprimento da dita obriga para o outorgamento da subvención:

1º. NIF da entidade.

2º. DNI ou NIE da persoa representante.

3º. Certificado sobre cumprimento das obrigas tributarias coa Axencia Estatal de la Administración Tributaria.

4º. Certificado sobre o cumprimento das obrigas coa Seguridade Social.

5º. Certificado sobre cumprimento das obrigas tributarias coa Administración pública da Comunidade Autónoma de Galicia.

No caso da imposibilidade da obtención dos citados datos poderase solicitar a Aldeas Infantiles SOS Galicia a presentación dos documentos correspondentes.

4. A xustificación comprenderá os gastos realizados e pagados entre o 1 de xaneiro de 2024 e o 23 de decembro de 2024, e deberá presentarse na Dirección Xeral de Familia, Infancia e Dinamización Demográfica con data límite 23 de decembro de 2024.

Aldeas Infantiles SOS Galicia, comprométese á presentación dos xustificantes de pago, relativos a custes salariais de 2024, que sexa imposible presentar en cada momento das fases de pagamento, no momento da xustificación final, así como os documentos xustificativos do gasto da seguridade social para o mes de decembro e o impreso de





liquidación nominal do IRPF do cuarto trimestre, unha vez obren no seu poder e non máis tarde do 15/02/2025.

Aldeas Infantiles SOS Galicia, no momento da xustificación da execución total do proxecto e, en calquera caso, antes do derradeiro pagamento, presentará unha declaración de todas as axudas solicitadas para este mesmo programa, tanto aprobadas ou concedidas como as pendentes de resolución, das distintas Administracións Públicas competentes ou das súas entidades vinculadas ou dependentes.

OITAVA. *Compatibilidade da subvención*

A subvención prevista neste convenio é compatible con outras subvencións, axudas, ingresos ou recursos para a mesma finalidade, procedentes de calquera Administración ou entes públicos ou privados, nacionais, da Unión Europea ou de organismos internacionais.

O importe da subvención en ningún caso poderá ser de tal contía que, illadamente ou en concorrencia con subvencións ou axudas doutras administracións públicas ou doutros entes públicos ou privados, nacionais ou internacionais, supere o custo total da actividade que vai desenvolver a beneficiaria.

NOVENA. *Información básica sobre protección de datos persoais*

As partes asinantes deste convenio garantirán a confidencialidade dos datos persoais aos que teñan acceso como consecuencia das actuacións realizadas en execución deste e de conformidade co disposto na Lei orgánica 3/2018, do 5 de decembro, de protección de datos persoais e garantía dos dereitos dixitais e no Regulamento (UE) 2016/679 do Parlamento Europeo e do Consello, do 27 de abril de 2016, relativo á protección das persoas físicas no que respecta ao tratamento de datos persoais e a libre circulación de estes datos e polo que se derroga a Directiva 95/46/CE (Regulamento xeral de protección de datos).

Os datos persoais recadados neste procedemento serán tratados na súa condición de responsable pola Xunta de Galicia-Consellería de Política Social e Igualdade coa finalidade de levar a cabo a tramitación administrativa derivada da xestión da concesión directa a través deste convenio que comprende verificar os datos e documentos que a entidade interesada achegue para comprobar a exactitude destes, levar a cabo as actuacións administrativas que se deriven e informar sobre o estado de tramitación.

O tratamento dos datos baséase no cumprimento dunha misión de interese público ou no exercicio de poderes públicos, conforme ás referencias recollidas no enlace <https://www.xunta.gal/información-xeral-proteccion-datos>, derivada dunha competencia legalmente atribuída ao responsable do tratamento, así como o cumprimento das obrigas legais impostas ao dito responsable de conformidade co disposto no artigo 6.1, letras c) e e) do Regulamento (UE) 2016/679 do Parlamento Europeo e do Consello, do 27 de abril de 2016 e o artigo 8 da Lei orgánica 3/2018, do 5





de decembro, e en concreto a competencia e obrigas previstas nos preceptos básicos da Lei 38/2003, do 17 de novembro, da Lei 9/2007, do 13 de xuño, na Lei 39/2015, do 1 de outubro, na Lei 1/2016, do 18 de xaneiro e na Lei 4/2019, do 17 de xullo, de administración dixital de Galicia.

Con todo, determinados tratamentos poderán fundamentarse no consentimento das persoas interesadas, reflectíndose esta circunstancia de conformidade coa normativa de aplicación.

A referencia a publicidade, en cumprimento da normativa de transparencia e subvencións, axustarase a dita normativa e coas limitación que esta establece.

Como destinatarios, os datos serán comunicados ás administracións públicas no exercicio das súas competencias, cando sexa necesario para a tramitación e resolución dos seus procedementos ou para que os cidadáns poidan acceder de forma integral á información relativa a unha materia.

As persoas interesadas poderán solicitar o acceso, rectificación, oposición, limitación, portabilidade e supresión dos seus datos ou retirar, no seu caso, o consentimento outorgado a través da sede electrónica da Xunta de Galicia, ou nos lugares e rexistros establecidos na normativa reguladora do procedemento administrativo común, segundo se recolle en <https://www.xunta.gal/exercicio-de-dereitos>. O contacto coa persoa delegada de protección de datos e máis información consultarase no enlace <https://www.xunta.gal/proteccion-datos-persoais>.

Aldeas Infantiles SOS Galicia tratará os datos coas finalidades e os usos exclusivamente precisos para a execución do programa subvencionado a través deste convenio, polo que non poderán ser usados para un fin distinto. Aldeas Infantiles SOS Galicia será cesionaria da información que lle subministre a Consellería e será responsable do tratamento da información. Os datos persoais aos que teña acceso non serán comunicados a terceiros, nin sequera para a súa conservación.

A entidade esixiralle, tanto ao persoal propio como a aquel persoal voluntario que participe no programa, un compromiso de confidencialidade sobre aqueles datos aos que teñan acceso pola súa participación no programa.

DÉCIMA. Comisión mixta de seguimento

Para o seguimento e coordinación das accións previstas no presente convenio crearase unha comisión mixta e paritaria na que estarán representadas as partes asinantes. Esta comisión, que se reunirá por petición de calquera das partes, será o mecanismo de actuación conxunta para o seguimento e avaliación das actuacións estipuladas no presente convenio, e estará formada por dúas persoas representantes da Consellería de Política Social e Igualdade e dúas representantes de Aldeas Infantiles SOS Galicia, designadas polas persoas que representen a cada unha das partes, así como os seus suplentes.





A persoa que ocupe a presidencia será unha das persoas representantes da Administración designada pola persoa titular da Dirección Xeral de Familia, Infancia e Dinamización Demográfica.

A persoa que ocupe a secretaría, así como a que asuma a súa suplencia, será unha persoa adscrita á Dirección Xeral de Familia, Infancia e Dinamización Demográfica, designada pola persoa titular da Presidencia, que actuará con voz pero sen voto.

Como órgano colexiado a comisión someterase ao réxime establecido na Lei 40/2015, do 1 de outubro, do réxime xurídico do sector público, e na Lei 16/2010, do 17 de decembro, de organización e funcionamento da Administración xeral e do sector público autonómico de Galicia.

DÉCIMO PRIMEIRA. *Vixencia*

O presente convenio estará vixente desde a data da súa sinatura ata o 31 de decembro de 2024.

Non obstante os gastos das actuacións englobadas nas actividades do programa descritas no presente convenio que realizase a entidade dende o 1 de xaneiro de 2024 tamén poderán ser subvencionadas ao seu abeiro coa achega da Consellería de Política Social e Igualdade.

DÉCIMO SEGUNDA. *Modificacións e addendas*

Tal como se indica no art.17.4 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, toda alteración das condicións tidas en conta para a concesión da subvención, e en todo caso a obtención concorrente doutras achegas fóra dos casos permitidos nas normas reguladoras, poderá dar lugar á modificación da resolución de concesión, nos termos establecidos na normativa reguladora da subvención.

DÉCIMO TERCEIRA. *Natureza xurídica e cuestións litixiosas*

O presente convenio terá carácter administrativo rexéndose nos seus efectos polo establecido nas súas cláusulas, polo disposto na Lei 38/2003, do 17 de novembro, e no Real decreto 887/2006, do 21 de xullo, na Lei 9/2007, do 13 de xuño, e no Decreto 11/2009, do 8 de xaneiro. No seu defecto, para resolver as lagoas e dúbidas que puideran presentarse, rexerase polo establecido na Lei 9/2017, de 8 de novembro, de Contratos do Sector Público, pola que se traspoñen ao ordenamento xurídico español as Directivas do Parlamento Europeo e do Consello 2014/23/UE e 2014/24/UE, do 26 de febreiro do 2014, así como pola Lei 40/2015, do 1 de outubro, do Réxime Xurídico do Sector Público. A administración gozará de todas as prerrogativas inherentes á natureza administrativa do convenio.

As cuestións litixiosas xurdidas acerca da interpretación, modificación e resolución serán resoltas pola Consellería de Política Social e Igualdade poñendo os seus acordos fin á vía administrativa. Contra elas cabe recurso potestativo de reposición ante o





mesmo órgano que ditou a resolución, segundo o previsto no artigo 124 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, no prazo dun mes se a resolución fose expresa. Se o acto non fora expreso, poderá interpor recurso de reposición en calquera momento a partir do día seguinte a aquel en que se produza o acto presunto, ou poderá interpoñer directamente recurso contencioso-administrativo, no prazo de dous meses contados desde o día seguinte á notificación do acto que poña fin á vía administrativa, se este fose expreso. Se non o fora, o prazo será de seis meses e contarase, para o solicitante e outros posibles interesados, a partir do día seguinte a aquel en que, de acordo coa súa normativa específica, se produza o acto presunto, de conformidade co disposto na Lei 29/1998, do 13 de xullo, reguladora da xurisdición contencioso-administrativa.

Para tales efectos o tribunal competente será o Tribunal Superior de Xustiza de Galicia.

DÉCIMO CUARTA. *Causas de resolución e efectos da mesma*

Serán causas de resolución do presente convenio:

- a) Incumprimento total ou parcial de calquera das cláusulas que o regulan.
- b) Pola aplicación dos fondos a fins distintos dos que motivaron a súa concesión.
- c) Polo transcurso do tempo fixado sen que se execute a inversión obxecto da subvención.
- d) Os demais supostos previstos no artigo 32 e 33 da Lei 9/2007, do 13 de xuño.

A tramitación do procedemento de reintegro realizarase de conformidade co disposto no Título II da Lei 9/2007, do 13 de xuño, e no título V do Decreto 11/2009, do 8 de xaneiro.

En caso de resolución, o convenio terá os efectos establecidos no artigo 52 da Lei 40/2015, do 1 de outubro.

DÉCIMO QUINTA. *Publicidade do convenio*

O presente convenio será obxecto de publicidade e inscrición de conformidade co disposto no artigo 15 da Lei 1/2016, do 18 de xaneiro, de transparencia e bo goberno, e no Decreto 126/2006, do 20 de xullo, polo que se regula o Rexistro de Convenios da Xunta de Galicia. Así mesmo, será obxecto de publicación e inscrición en cumprimento do disposto no artigo 17 da Lei 1/2016, do 18 de xaneiro, o artigo 15 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia e no Decreto 132/2006, do 27 de xullo, polo que se regulan os rexistros públicos creados nos artigos 44 e 45 da Lei 7/2005, do 29 de decembro, de orzamentos xerais da Comunidade Autónoma de Galicia para o ano 2006.

As partes asinantes consenten dar publicidade dos seus datos persoais e demais especificacións recollidas no presente instrumento de colaboración no Portal de Transparencia e Goberno Aberto.

De conformidade coa Lei 38/2003, do 17 de novembro, o instrumento de colaboración e a información sobre a subvención serán comunicados á Base de Datos Nacional de





Subvencións.

E, en proba de conformidade de canto antecede e para a debida constancia, as partes asinan este convenio no lugar e data da súa sinatura dixital.

A conselleira de Política Social e
Igualdade

O representante legal de Aldeas
Infantiles SOS Galicia

Fabiola García Martínez

Víctor Manuel Muñoz Vázquez





ANEXO I

1.1 CADRO XERAL

ORZAMENTO DESAGREGADO POR ACTIVIDADES E TIPOLOXÍA DE GASTO			
Tipoloxía de gastos subvencionables	ALDEAS INFANTÍS SOS GALICIA	CONSELLERÍA DE POLÍTICA SOCIAL E IGUALDADE	Subvención IRPF
Persoal contratado	232.435,40 €	173.353,44€	27.254,88€
Gastos correntes	47.365,76 €		
Actividades culturais	10.500,00 €		
Formación	2.000,00 €		
TOTAL.....	292.301,16 €	173.353,44 €	27.254,88€

1.2 DETALLE CADRO DE PERSOAL

Categoría profesional	Posto	Salario anual (con pagas)	Complementos	Seguridade social	TOTAL
1a	Directora	58.989,56 €		18.115,32 €	77.104,88 €
1a	Coordinador	27.447,00 €		8.777,52 €	36.224,52 €
2	Vigo	27.927,20 €		8.937,36 €	36.864,56 €
2	Vigo	16.466,38 €		5.250,72 €	21.717,10 €
2	Vigo	24.584,84 €		7.862,16 €	32.447,00 €
2	Coruña	24.841,04 €		7.944,12 €	32.785,16 €
2	Coruña	24.584,84 €		8.076,36 €	32.661,20 €
2	Coruña	24.584,84 €		8.077,44 €	32.662,28 €
2	Santiago	24.584,84 €		8.082,12 €	32.666,96 €
2	Santiago	24.841,04 €		7.948,91 €	32.789,95 €
2	Ourense	24.584,84 €		7.874,52 €	32.459,36 €
2	Ourense	24.584,84 €		8.075,88 €	32.660,72 €

1.3 CADRO ORZAMENTO DESAGREGADO POR TIPOLOXÍA DE GASTOS PARA GASTOS RECORRENTES

Tipoloxía de gasto/s subvencionable/s	Importe convenio actual	Importe convenio anterior	Execución	Variación (termos absolutos)	Variación (termos %)	Motivación (variación de gastos/novas necesidades)
Persoal contratado	173.353,44 €	173.353,44 €	100 %	0	0 %	





ANEXO II

PROGRAMA DE APOIO AO ACOLLEMENTO FAMILIA EXTENSA

PLANIFICACIÓN ANUAL 2024



1. PRESENTACIÓN

O programa de Apoio ao Acollemento en familia extensa de Aldeas Infantiles SOS de Galicia comeza a súa andadura a nivel autonómico no ano 2014.

Enmárcase dentro da idea implícita en todos os programas de Aldeas Infantiles, que é o desenvolvemento saudable da infancia e a adolescencia nun entorno familiar protector.

Como Organización cremos que o desenvolvemento ideal dos nenos, nenas e adolescentes garántese por medio de catro principios que guían o noso traballo:

- Un entorno familiar protector.
 - O apoio de redes sociais sólidas.
- A toma de decisións e accións baseadas sempre no interese superior do neno.
- A participación do neno, nena e adolescente na toma de decisións que afectan á súa vida.





Un dos principais grupos meta da nosa Organización son os nenos, nenas e adolescentes privados do coidado parental, e atendendo á diversidade familiar actual, así como á diversidade en contornas familiares en relación ao desenvolvemento da medida de protección á infancia, poñemos en marcha Programas de Protección en acollemento residencial, así como programas de apoio ao acollemento en familia, nas súas distintas modalidades (familia extensa, familia allea e familia allea especializada), nos distintos territorios a nivel nacional.

A dilatada experiencia en protección infantil mediante o acollemento residencial e os programas de fortalecemento familiar na área de prevención, unido á lexislación vixente en materia de protección á infancia que avoga polo acollemento, foron varios dos criterios que converxeron para poder implementar e impulsar estes programas de apoio ao acollemento en familia nestes últimos anos por parte da entidade.

Deste xeito, considérase primordial asegurar o éxito do acollemento nun entorno protector e seguro, mediante o acompañamento, orientación e apoio aos núcleos acolledores xunto ás súas familias de orixe. Sinalar que hanse de incorporar como pezas fundamentais para o axeitado desenvolvemento dos nenos, nenas e adolescentes, a familia de orixe e a familia acolledora, dado que a integración de ambos sistemas facilitará un adecuado desenvolvemento do neno, nena e adolescente en acollida.

2. DESCRIPCIÓN DO PROGRAMA

O programa de Acollemento Familiar pretende dar resposta ás necesidades das nenas, nenos e adolescentes acollidos, da familia de acollida e das persoas proxenitoras ao longo do proceso de acollemento, en coordinación cos equipos técnicos do menor.

Baséase nun enfoque metodolóxico no que o benestar do neno, nena ou adolescente é o obxectivo final da intervención. Esta visión comporta que o foco de traballo se centre na dinámica relacional que se establece entre as persoas en relación ao seu sistema familiar, social e cultural, e por tanto que haxa que traballar tanto cos nenos, nenas e adolescentes acollidos, como cos seus núcleos acolledores, coa súa familia de orixe e co contexto socio-cultural e educativo no que viven.

O apoio na construción dunha identidade positiva do neno, nena e adolescente convértese nun dos elementos para incidir no traballo coa infancia protexida. Hai unha relación directa entre identidade e comportamentos resilientes, o que nos leva a traballar sobre "o dar sentido", a través do autocoñecemento, a construción de si mesmo e a vivencia integradora da súa historia de vida familiar.





Desde Aldeas Infantiles, entendemos o apoio ás familias como unha forma de incidir no desenvolvemento das súas competencias educativas e habilidades parentais, e que estas estean baseadas nun “bo trato á infancia”. Así pois, pretendemos “fortalecer” o sistema familiar en relación ao benestar do neno, nena e adolescente, recoñecendo as súas posibilidades, o seu papel na apertura de oportunidades e preservando e promovendo as súas fortalezas.

O traballo das emocións permítenos acompañar ás familias a partir da súa propia vivencia e maneiras de construír as súas relacións. Así pois, estamos atentos á forma en que os nenos, as nenas e as familias narran as súas experiencias, promovendo cambios que preserven a súa identidade e cultura familiar, para conseguir que no acompañamento, os relatos poidan ser coherentes coa situación vivida.

Con respecto ao apoio técnico é necesario que os nenos, as nenas e as familias se sentan acompañados e con accesibilidade ao programa, e que esta relación de axuda lles xere tranquilidade durante o proceso de acollemento. O feito de poder darlles unha atención directa coa frecuencia adecuada ás súas necesidades favorece o vínculo cos menores e as familias e a relación de confianza establécese con máis facilidade.

Todo este traballo realízase desde unha formulación interdisciplinar, en rede e cooperativo, favorecendo así unha vivencia máis integradora da situación de acollida.

3. POBOACIÓN ATENDIDA

O persoal técnico do Servizo de Familia e Menores das distintas Xefaturas Territoriais é o encargado de seleccionar e derivar a este recurso aos nenos, nenas, adolescentes e as súas familias, sendo eles os que establecen os criterios de selección.

As persoas beneficiarias do programa responderán a algún dos seguintes perfiles:

- Os nenos, nenas e adolescentes (en diante NNA) que están baixo unha medida de protección da Comunidade Autónoma, e que ao non poder permanecer coa súa familia de orixe, conviven temporalmente con unha familia acolledora extensa.
- As familias de orixe nas que se teña declarado unha medida de desamparo respecto aos seus fillos e fillas entendendo que esa medida se produce a causa do imposible ou inadecuado exercicio dos deberes de protección establecidos polas leis para a garda dos menores.
- As familias acolledoras en familia extensa, que teñen consigo aos nenos, nenas e adolescentes en acollemento familiar, mediante a formalización dun contrato de acollemento coa entidade pública competente.





4. OBXECTIVOS

Propoñémonos obxectivos a dous niveis:

Respecto aos NNA e as familias, van dirixidos a facilitar o adecuado desenvolvemento do acollemento.

- Acompañar á persoa menor acollida na construción dunha identidade positiva asegurando que os vínculos que xenera sexan positivos e poida dar sentido á súa realidade de maneira axustada.
- Acompañar ás familias nas pautas de crianza dende o desenvolvemento das súas competencias e habilidades parentales, promovendo os factores de protección hacia os NNA.
- Integrar á familia de orixe, facilitando espazos de relación e velando por que se dé una relación respetuosa entre as persoas acolledoras e a familia de orixe.
- Fortalecer as redes sociais e da comunidade na que se desenvolve o neno, nena, adolescente e a súa familia, donde poidan encontrar suficientes recursos para desenvolverse nos diferentes ámbitos en canto as súas necesidades e expectativas.

Respecto ao programa de acollemento, fan referencia á súa implementación e desenvolvemento como programa.

- Dar resposta de forma eficiente, ás necesidades das persoas usuarias do programa, mellorando a súa satisfacción e os resultados do servizo prestado.
- Manter un servizo desde a proximidade que minimize as perdas de tempo por desprazamentos para que a prestación do servizo sexa de maior calidade.
- Soster a actual atención aos beneficiarios do recurso, mantendo a frecuencia das intervencións cos NNA e familias beneficiarias.

5. ACTIVIDADES

As accións propias da prestación do servizo ás distintas persoas beneficiarias do programa, pódense agrupar en dous tipos principais de actividades:

Incorporación, seguimento e alta no programa. No marco desta actividade levaranse a cabo aquelas accións relacionadas cos procedementos vinculados á prestación de servizos do programa. Estas accións son as seguintes:





- Alta no programa. A alta iníciase coa presentación da familia e aceptación pola súa banda da inclusión no programa.
- Estudo, diagnóstico e planificación. Estudo de necesidades para o que se realizan as visitas domiciliarias e entrevistas persoais pertinentes (co neno, nena e adolescente, e a súa familia de orixe e acolledora), para elaborar o Proxecto de Intervención Familiar.
- Coordinación. Reunións periódicas e sesións de traballo en rede durante todo o proceso de intervención con todos os axentes que interveñen no caso, para programar unha intervención en función das necesidades detectadas de cada proxecto de actuación, desde un enfoque metodolóxico interdisciplinar.
- Seguimento. A través de entrevistas persoais co NNA, coa familia de orixe e acolledora, visitas domiciliarias e chamadas telefónicas. Elaboración de informes semestrais de seguimento do proceso de acollida.
- Despedida. Preparación do proceso de peche do acollemento. A baixa no programa producírase pola consecución dos obxectivos, ou ben por desexo expreso dalgunha das partes intervinientes.

Implementación do Plan de Intervención Familiar. Este bloque de actividades contempla distintas accións, axustadas ás necesidades das persoas destinatarias. Así, segundo estas necesidades, e intereses, contéplanse as seguintes accións:

- Acompañamento. Acompañamento a NNA e/ou familias segundo as necesidades concretas que poidan xurdir nas distintas áreas, social, sanitaria, educativa.
- Actividades de respiro. Ofrece aos nenos, nenas e adolescentes incluídos no programa un tempo de lecer alternativo durante as vacacións de verán nun espazo estimulante e enriquecedor fóra da súa contorna familiar. Facilitan, ademais, ás familias acolledoras un período de descanso que lles axude a conciliar a atención aos NNA con outros aspectos da súa vida.
- Organización de encontros e supervisión de visitas. Deseño de modelos para o encontro entre a familia de orixe e a familia extensa acolledora. Acompañamento nas visitas familiares entre NNA e a súa familia de orixe.
- Mediación. Accións de mediación entre NNA, acolledores e proxenitores posibilitando distintas alternativas de intervención que axuden a estabilizar a dinámica familiar e a resolución de conflitos.
- Accións educativas a través da intervención dirixidas a:





- Fomentar as habilidades parentais para o coidado dos NNA por parte das familias.
- Mellorar a calidade das relacións das familias coa súa contorna e reforzar o sistema de apoio ou rede social.
- Potenciar a autonomía e favorecer mecanismos de autoxestión.
- Proporcionar información técnica da medida de protección e accións de axuda dirixidas a que as familias interioricen a situación de acollemento.

CALENDARIO DE ACTIVIDADES

ACTIVIDADE	DATA INICIO	DATA FIN
Incorporación, seguimento e alta no programa	01/01/2024	31/12/2024
Implementación do Plan de Intervención Familiar	01/01/2024	31/12/2024
Avaliación de resultados	15/11/2024	15/12/2024

6. RECURSOS MATERIAIS E PERSOAIS DO PROGRAMA

O programa está formado por un equipo interdisciplinar de profesionais das áreas psicosocioeducativas, que proporciona atención especializada ás necesidades dos nenos, nenas e adolescentes en acollida, as familias acolledoras e as familias proxenitoras por medio de actuacións de asesoramento e orientación, intervención psico socioeducativa e actuacións de mediación nas relacións familiares.

O convenio establece que se atenden 130 casos en toda a comunidade autónoma, para o que se implementan catro equipos e un total de 10 profesionais dedicados á prestación do servizo.

- Equipo A Coruña
- Equipo Santiago
- Equipo Vigo
- Equipo Ourense

O persoal de atención directa do programa divídese nos equipos mencionados da seguinte maneira:





- Equipos A Coruña e Vigo. Cada equipo componse de tres profesionais das áreas psicosocioeducativas (psicólogo/a, traballador/a social, pedagogo/a e/o educador/a social).
- Equipo Santiago e Ourense. Cada equipo componse de dous profesionais das áreas psicosocioeducativas (psicólogo/a, traballador/a social, pedagogo/a e/o educador/a social).

O programa conta, ademais, cunha persoa que coordina o programa a nivel autonómico.

Aldeas Infantís dispón de 4 instalacións debidamente equipadas para a realización das actividades específicas do programa, distribuídas na comunidade autónoma e emprazadas nas cidades da Coruña, Vigo, Santiago de Compostela e Ourense.

As localizacións dos catro centros son céntricas, co fin de que os usuarios e usuarias do servizo teñan unha fácil accesibilidade podéndose beneficiar dos recursos públicos dispoñibles de transporte.

En Vigo as instalacións encóntranse emprazadas nun edificio propio de Aldeas Infantiles SOS Galicia, consta de catro plantas, onde se sitúa a Sede da asociación. Este edificio conta con espazos para dirección, administración, xestión de socios, ademais doutros programas.

O espazo dedicado ao programa de acollemento sitúase na primeira planta. Consta de dous espazos de despacho/oficina con 3 e 2 postos de traballo respectivamente, sala de entrevistas con espazo infantil dedicado este último ás entrevistas e intervencións realizadas con nenos e nenas de pouca idade e sala de reunións/formación, estas últimas na planta baixa, contando ademais con recepción, sala de espera, office e 2 aseos de uso compartido con outros programas da entidade instalados no mesmo edificio.

Na Coruña dispónse dun local en réxime de alugueiro, conta cun espazo útil de 120 metros cadrados, trátase dunha oficina na primeira planta dun edificio histórico da cidade situado na zona portuaria.

Distribuído en sala de reunións/formación, sala de entrevistas con espazo infantil dedicado este último ás entrevistas e intervencións realizadas con nenos e nenas de pouca idade e ampla zona de despacho/oficina con 5 postos e 2 aseos. Dispón ademais dun pequeno office.

En Santiago de Compostela dispónse dun local en réxime de alugueiro, conta cun espazo útil de 150 metros cadrados, trátase dunha oficina situada na primeira planta dentro dun coñecido centro comercial.





Está distribuído en sala de reunións/formación, na que se inclúe unha zona de despacho cun posto de traballo, sala de entrevistas con espazo infantil dedicado este último ás entrevistas e intervencións realizadas con nenos e nenas de pouca idade. Dous espazos de despacho/oficina con 2 postos de traballo en cada un. Dispón ademais de 2 aseos, ampla sala de espera e un office.

En Ourense dispónse dun local en réxime de alugueiro nunha zona céntrica da cidade. Situado nunha entreplanta dedicada exclusivamente a oficinas, o espazo útil é duns 50 metros cadrados.

Divídese en pequeno distribuidor, aseo, sala de reunións/formación con espazo infantil dedicado este último ás entrevistas e intervencións realizadas con nenos e nenas de pouca idade, e zona de despacho/oficina con 2 postos e un pequeno office.

Contamos, ademais, con instalacións propias na Aldea Infantil de Redondela que serven de complemento ao Programa. Estas son a Casa de usos múltiples que conta con varios espazos para a realización de actividades de diversa índole como talleres, reunións, cursos de formación, videoconferencias, cinema, etc ... e o Albergue que posibilita a pernoita de nenos, nenas e adolescentes para a realización de actividades propias do respiro familiar.

7. AVALIACIÓN E INDICADORES

Entendemos a avaliación como un proceso continuo dentro do desenvolvemento do proceso do acollemento familiar. Ao longo dos diferentes procedementos, así como en todo o enfoque do programa de Acollemento Familiar está a mellora continua como forma de avanzar no programa. Entendemos a avaliación a diferentes niveis.

Avaliación de Procesos: Baseada na forma en que realizamos as accións e os diferentes procedementos, avaliando o cumprimento dos mesmos e detectando áreas de mellora.

Avaliación de Satisfacción: Consideramos importante contar coa avaliación dos nosos principais grupos de interese, o menor, a familia biolóxica, a familia acolledora, así como a propia administración, nos seus diferentes niveis. Igualmente, avaliamos a opinión de todos aqueles equipos de traballo cos que realizamos un traballo en rede.

Avaliación de impacto e resultados: Neste apartado, avaliamos a eficacia do programa así como os resultados nos menores e a familia a partir de indicadores de obxectivo.

Os resultados de todo o proceso de avaliación, incorpóranse a unha memoria de traballo anual.





Obxectivo	Indicador	Resultado esperado
Acompañar á persoa menor acollida na construción dunha identidade positiva asegurando que os vínculos que xenera sexan positivos e poida dar sentido á súa realidade de maneira axustada.	Porcentaxe de NNA que saben por que están no programa. (Aplicable aos que por idade se pode abordar).	100% dos NNA que teñen capacidade de comprensión sepan por que están no programa.
	Porcentaxe de NNA que coñecen a situación dos seus proxenitores. (Aplicable aos que por idade se pode abordar).	100% dos NNA que teñen capacidade de comprensión saiban a realidade da súa historia familiar.
	Porcentaxe de familias que están comprometidas a traballar a historia de vida do NNA de maneira positiva.	75% das familias traballan a historia de vida do NNA de forma positiva.
Acompañar as familias nas pautas de crianza desde o desenvolvemento das súas competencias e habilidades parentais, promovendo os factores de protección cara os NNA.	Porcentaxe de familias acolledoras que son coñecedoras do significado do acollemento e do seu proceso (obrigacións e dereitos).	90% das familias sexan coñecedoras da medida.
	Porcentaxe de persoas proxenitoras que son coñecedores do significado do acollemento e do seu proceso (obrigacións e dereitos).	90% das familias sexan coñecedoras da medida.
	Porcentaxe de familias que consideran que melloraron o seu benestar familiar.	90% das familias perciban melloría.
	Porcentaxe de familias que se mostraron colaboradoras, seguen as orientacións e ven a necesidade de cambio.	70% das familias se mostren colaboradoras.
Integrar a familia de orixe, facilitando espazos de relación e velando por que se dé una relación respetuosa entre as persoas acolledoras e a familia de orixe.	Porcentaxe de NNA que manteñen contacto cos seus proxenitores e proxenitoras.	70% de NNA.
	Porcentaxe de variacións no réxime de visitas, tendo en conta o benestar do menor.	No 70% dos NNA que teñen posibilidade de contacto coa súa familia de orixe, varíe o seu réxime de visitas tendo en conta o seu benestar.
	Porcentaxe de retornos conseguidos naqueles casos nos que se valore a reintegración.	75% dos NNA retornen coa súa familia de orixe, naqueles casos que este suposto se valore.
	Porcentaxe de NNA que manifesta conflito de lealdades respecto aos seus proxenitores e acolledores.	90% dos NNA non manifesten conflito de lealdades.
	Número de intervencións dos profesionais en momentos de crise.	50% das familias rebaixen o número de conflitos.
Fortalecer as redes sociais e da comunidade na que se desenvolve o NNA e a súa familia.	Número de contactos de coordinación con outros profesionais (contactos telefónicos, entrevistas...)	Polo menos un contacto trimestral.
	Número de acompañamentos e/ou derivacións a recursos da comunidade.	Polo menos un acompañamento trimestral.
Dar resposta de forma eficiente, ás necesidades dos usuarios e usuarias do programa, mellorando a súa satisfacción e os resultados do servizo prestado.	Porcentaxe de usuarios e usuarias que considera que as súas necesidades e intereses están ben atendidos polo programa.	95% dos usuarios e usuarias consideran que as súas necesidades e intereses están ben atendidos polo programa.
Manter un servizo desde a proximidade que minimize as perdas de tempo por desprazamentos para que a prestación do servizo sexa de maior calidade.	Nº de instalacións dedicadas á prestación do servizo na comunidade autónoma.	4 instalacións destinadas á prestación do servizo.
	Porcentaxe de familias beneficiarias cuxo profesional e centro de referencia áchase localizado a una hora ou máis de desprazamento.	Polo menos o 75% das familias beneficiarias teñen o centro de referencia localizado a unha hora ou menos de desprazamento.
Soster a actual atención aos beneficiarios do recurso, mantendo a frecuencia das intervencións cos NNA e familias beneficiarias.	Frecuencia das intervencións por familia e NNA.	100% das familias/NNA manteñan a actual frecuencia de intervención.
	Grado de satisfacción das familias coa axilidade na resposta recibida.	95% das familias beneficiarias móstranse satisfeitos coa axilidade na resposta recibida.

